

## Concello de Ortigueira

INFORME DA UNIDADE TÉCNICA DE ASISTENCIA

**Exp.:1631/2024**

**Procedemento:** Aberto simplificado sumario para a contratación subministro de luminarias tipo led en instalacións deportivas

Maria Luisa Sierra Vale, funcionaria administrativa; asistida por Iago Manuel Bermejo Varga, secretario xeral e Silvia Lamelas Soto, interventora municipal; como integrantes da Unidade Tecnica de Asistencia prevista no prego de cláusulas administrativas que regula o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación da subministración de luminarias tipo led en instalacións deportivas, emite o seguinte

INFORME:

I.- Antecedentes os que constan nos informe desta UTA de datas 20.09.2024, 11.10.2024 , 17.10.2024 e 29.10.2024

### II.- Cumprimento de requisitos para resultar adxudicatario

A vista do informe desta UTA de data 29.10.2024 polo órgano de contratación procedeu a requirir as licitadoras ECIMAN SL, AOPIL SL, GRUPO ELECRO STOCKS SL, ORFA SL E ORUS ELECTRICA SL para que aportase documentación complementaria co fin de comprobar de que devanditas licitadoras reúnen os requisitos para resultar adxudicatarios (capacidade de obrar e estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social) tal e como fan constar nas súas declaracións xa que nos respectivos certificados dos rexistros oficiais -ROLECE e ou Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma- non constaban ditos datos

Os requirimentos foron enviados o 29.10.2024, publicándose na mesma data o informe da UTA na plataforma de contratación do estado, polo que o prazo para a presentación da documentación rematou o día 4.11.2024.

Examinada a documentación presentada polas licitadoras resulta que:

ECIMAN SL.- Número de Rexistro 2024-E-RE-2249 de data 31.10.2024, achega:

- Escritura outorgada ante o Notario Maria del Rocio de la Hera Ortega o 30.10.2024 número de protocolo 1259 na que se eleva a publico todos e cada un dos acordos da Xunta Xeral e Universal de Ecimen adoptados o día 28 de outubro de 2024, entre os que consta:  
*“Ampliar el objeto social, de forma que la sociedad podrá dedicarse a:*
  - *Comercio al por mayor y al por menor de aparatos y materiales radioeléctricos y electrónicos, (epígrafes IAE 615.4 y 653.2), comprende la venta de todo tipo de materiales eléctricos, luminarias, etc.*
  - *Comercio al por mayor de aparatos electrodomésticos y ferretería (epígrafe 615.3).”*
- Xustificante presentación no Rexistro da Propiedade e Mercantil número 2 de Lugo na devandita escritura
- Certificado a AEAT na que consta os epígrafes de IAE entre os que se atopan 615.4, 653.3

AOPIL SL.-Número de rexistro 2024-E-RE.2238 de data 31.10.2024, achega

- Declaración responsable na que fai constar que *“objeto social de la empresa consta “9. Instalaciones eléctricas: alumbrados, iluminaciones y balizamientos luminosos...” Que, para la realización de las actividades descritas, es imprescindible realizar compras de materiales para dichas instalaciones, así*



## Concello de Ortigueira

---

*como para poder realizar las instalaciones, es necesario realizar la venta de dichos materiales, con lo cual esta actividad comprende la compra de materiales y la venta de los mismos, para los fines indicados. Que, según lo expuesto, consideramos que esta empresa tiene capacidad de obrar para la compra de materiales referidos a las actividades de la empresa y puede vender y suministrar dichos materiales. Que, la empresa, a fecha de hoy no tiene dada de alta la actividad de compra-venta de materiales, puesto que todavía no ha realizado la actividad, y nos comprometemos a realizar el alta del IAE correspondiente en el caso de ser adjudicataria, antes de realizar el suministro de los materiales objeto del contrato.*

GRUPO ELECTRO STOCKS SL.- Número de rexistro 2024-E-RE.2235 de data 30.10.2024, achega:

- Certificado a Facenda Estatal con caracter positivo
- Certificado da Seguridade Social con carácter positivo
- Alta IAE epigrafe 6179 “comercio al por mayor interindustrial”

ORFA SL.- Non consta que presentase documentación dentro do prazo concedido

ORUS ELECTRICA SL, número de rexistro 2024-E-RE-2261 de data 04-11-2024, achega

- Escritura de constitución outorgada ante a notaria de Madrid Maria del Rosaro Algora Wesolowski, en data 31.07.2012 número de protocolo 776, na que se consta o obxecto social, contemplándose, entre outros: “A importación, exportación, representación, distribución, almacenaxe, comercialización, confección, subministro.... de toda clase de sistemas, equipos, aparatos, repostos, pezas e accesorios de electricidade, electronicas, mecánica hidraulica, especialmente produtos de aforro enerxético”
- Certificado da Seguridade Social de caracter positivo
- Certificado de Facenda Estatal de carácter positivo
- Certificado de AEAT do censo de actividades economicas no que consta o epigrafe 663.9 comercio menor fora dun establecemento comercial permanente de outras clases de mercancias

### Consideracións

1.- Todas as licitadoras, agas ORFA SL, presentan a documentación dentro do prazo concedido ao efecto

2.- A cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas que regula o presente procedemento establece que:

#### “11.1 Capacidade

*Poderán concorrer a esta licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en unión temporal de empresarios, que teñan aptitude para contratar. Só poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nalgunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional ou, nos casos en que así o esixa a LCSP, atópanse debidamente clasificadas*

....



## Concello de Ortigueira

*As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, séxanlles propios”*

**3.-** O artigo 65.1 da lei 9/2007 de contratos do sector publico dispon “ *Só poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nalgunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional ou, nos casos en que así o esixa esta Lei, atópense debidamente clasificadas. “*

O artigo 66 da citada lei dispón *as persoas xurídicas so poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexa propios e no artigo 84 establece que “ a capacidade de obrar dos empresarios que sexan persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou a acta fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, e no seu caso, no Rexistro publico que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.”*

Asemade no artigo 140.4 de referido texto legal establece que *“ As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar ás que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato”*

**4.-** O Imposto de Actividades Económicas ten efectos tributarios pero non ten efectos xurídicos para a xustificación do obxecto social da persoa xurídica

**5.-** A vista da documentación aportada polas licitadoras ECIMAN SL e AOPIL SL debese concluír que as mesmas non xustifican dispor da capacidade de obrar xa que nos seus estatutos non se contempla a compravenda da subministración que se pretende adquirir como un dos seus fins, obxecto ou ámbito da actividade a data finalización de presentación de ofertas (19 de setembro de 2024),

**6.-** A licitadora GRUPO ELECTRO STOKCS SL achega a documentación xustificativa de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social así como de estar de alta no IAE epígrafe IAE 6179 comercio por xunto interindustrial, que comprende produtos como motores e xeradores eléctricos, equipos e material de distribución e transmisión de electricidade....subministración diversa para a industria”. E tendo en conta que como xa se fixo constar no informe desta UTA de data 29.10.2024 no certificado do Rolece e ou Rexistro de Contratistas da Comunidade de Galicia entre o seu obxecto social consta “a distribución, representación, fabricación e venda de aparatos, materiais e equipos electrodomésticos, artigos de seguridade, elementos materiais e utensilios aplicables en instalacións e tendidos eléctricos”, estimase que Grupo Electro Stocks SL ten xustificade reunir os requisitos para resultar adxudicataria da presente licitación.

Consecuentemente, propónse ao órgano de contratación:

**Primeiro.- DECLARAR** que as licitadoras ECIMAN SL e AOPIL SL non contaba coa capacidade de obrar necesaria para participar no procedemento aberto simplificado para a adxudicación do contrato da subministración de luminarias tipo led para instalacións deportivas no prazo de presentación das ofertas que finalizou o día 19 de setembro de 2024, xa que dentro do prazo concedido ao efecto non aportaron documentación segundo o artigo 84 da Lei 9/2017: escritura ou documento de constitución, estatutos ou acta fundacional nos que consta como obxecto social a compravenda dos artigos obxecto do presente contrato de subministro e consecuentemente EXCLUILAS do procedemento

**Segundo.- ADXUDICAR** o contrato de subministro de luminarias tipo led para instalacións deportivas a favor da empresa GRUPO ELECTRO STOKCS SL, por ser a licitadora que obtivo maior puntuación e xustificou o





## Concello de Ortigueira

---

cumprimento dos requisitos para resultar adxudicataria, no prezo de 28.610,00 euros máis 6.008,10 euros de IVE o que fai un total de 34.618,10 euros, cun prazo de garantía de 49 meses e un prazo de entrega de dúas semanas

Previamente a resolución de adxudicación deberase incorporar ao expediente informe de Tesourería relativo as deudas da licitadora proposta para adxudicación co Concello, que debe ter carácter positivo, e informe de fiscalización fase D da interventora municipal

O que se informa aos efectos oportunos

Documento asinado dixitalmente

